

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

ORCID: 0000-0003-1013-0143

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

ilgpaco.rei@usc.gal

A investigación no ILG (1971–1990) e a importancia do ALGa na estandarización da lingua galega

Palabras clave: Galego moderno — ILG — RAG — ALGa — normativización.

Resumo

A comezos da década de 1960 Dámaso Alonso e A. Zamora Vicente queixábanse do considerable atraso nos estudos do galego moderno. Neste artigo referireime, en primeiro lugar, á superación dese atraso con investigacións, sobre todo, do galego oral, e coa súa difusión entre os romanistas, en que tivo un papel fundamental o Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago de Compostela, na xeira do seu ideador e primeiro director Constantino García (1971–1990). Despois dunhas notas sobre a incipiente *questione della lingua* galega, coa publicación a comezos da década de 1970 das normas da Real Academia Galega (RAG) e do manual *Gallego 1* do ILG, centrareime no intento de salvar esa *questione* co texto conciliador *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977) para o que se tivo en conta o material inédito do *Atlas Lingüístico Galego* nas propostas morfolóxicas e nalgunhas propostas léxicas, que foron o alicerce da normativa vixente elaborada no 1982 polo ILG e a RAG.

1. Introducción

Na década de 1960 era moi grande o atraso dos estudos de lingüística galega en relación cos das linguas e variedades minorizadas da Península Ibérica. A ese atraso referíase Dámaso Alonso no 1959 nun texto sobre o galego dos Ancares de León:

Hay algunos excelentes trabajos sobre léxico, como los de Aníbal Otero, y existen los rigurosos estudios de Krüger, Schneider, Schroeder, Ebeling y Zamora Vicente, pero harían falta muchos estudios lingüísticos por regiones naturales. No sabemos apenas nada de lo que es la verdadera imagen de la rica variedad fonética en el gallego hablado en Galicia. Es lamentable

el contraste entre la escasez de estudios lingüísticos gallegos, hechos con criterio científico, y el enorme y fructífero esfuerzo de los especialistas catalanes (Alonso, 1972: 316, nota 2).

No 1962, nun artigo sobre o vocalismo portugués e castelán, volvía laiarse da ausencia de estudos sobre o galego de Galicia:

He aquí una enorme dificultad, porque debido al increíble atraso de los estudios de lingüística gallega, esta lengua, en su estado moderno es casi una incógnita; lo es, desde luego su vocalismo. Falta casi completamente una recogida sistemática de materiales: labor de años. Cuando se compara con el catalán, el balance es desconsolador: imposible imaginar en Galicia gramáticas como la de Moll, o como la de Badia, con su atención constante a la fonética, aun en menudas variaciones dialectales.

No sabemos la exacta situación actual del vocalismo gallego: algunos diccionarios y gramáticas se suelen contentar con señalar unas cuantas *o* y *e* como abiertas y cerradas, pero sin consistencia, y sin precisión. [...] Los datos de la 1ª conjugación serían decisivos; pero, por desgracia, hacen falta exploraciones por toda la extensión de la lengua gallega.

Las más detenidas y repetidas han sido en zonas del gallego que llamo exterior, dialectos gallegos hablados fuera de los límites políticos de Galicia, a saber: en el Occidente de Asturias (gallego-asturiano); y en el Bierzo, provincia de León (berciano o gallego-leonés) (Alonso, 1972: 31–32).

Zamora Vicente, pioneiro da dialectoloxía galega cos artigos sobre o seseo (1951), a *gheada* (1952) e a terminación *-ao / -án* (1953), manifestaba no 1963, nun traballo sobre os grupos *-uit-*, *-oit-*, que o galego era un idioma practicamente esquecido, o que contrastaba co leonés, aragonés e andaluz:

Como en mis trabajos anteriores sobre áreas dialectales gallegas, he de empezar este anunciando la provisionalidad de mis asertos. Es verdaderamente asombrosa la dejadez de los jóvenes filólogos en cuanto al gallego se refiere. En estos últimos años, el conocimiento de otras áreas dialectales de la península (leonés, aragonés, andaluz) se ha extendido extraordinariamente. No así el del gallego, que sigue prácticamente olvidado. Esta circunstancia me ha empujado a publicar estas noticias del noroeste, tan lleno de arcaísmos y sorpresas: la repartición de *muito – moito; luita o luta* frente a *loita; troita* frente a *truita* (Zamora Vicente, 1986: 36).

2. O intenso percorrido para o galego deixar de ser a cincenta das linguas románicas

2.1. Os estudos de romanística na USC e a creación do ILG

O atraso na investigación do galego cambiará radicalmente despois de que na Universidade de Santiago de Compostela (USC) se cree no 1963 a sección de Filoloxía Románica na titulación de Filosofía e Letras. Carballo¹ Calero

¹ No final da súa xeira universitaria usou o apelido Carvalho. Neste texto usarei Carballo, pois así asinou as obras a que farei referencia.

impartirá nela as materias optativas de lingua e de literatura galega (medieval e moderna). Publicou no 1963 unha monumental *Historia da literatura galega contemporánea* e no 1966 a *Gramática elemental del gallego común*, con varias edicións posteriores, que a converteron nun fito da historiografía lingüística galega.

En febreiro do 1966 o asturiano Constantino García González chegou á USC para encargarse da cátedra de Filoloxía Románica na primitiva Facultade de Filosofía e Letras. Impulsou entre o alumnado a recolleita do léxico patrimonial galego a finais da década de 1960 e na de 1970; e dirixiu dúcias de teses de licenciatura sobre falas de parroquias e concellos e varias teses de doutoramento cun completo estudo lingüístico e cunha parte léxica.

O 26 de xullo do 1971 creouse na USC o ILG. Nacido no seo da cátedra de Filoloxía Románica e do impulso do seu titular Constantino García, os obxectivos estratéxicos fundacionais manteranse no esencial ata hoxe: a) Levar a cabo unha investigación rigorosa da lingüística galega, que a sitúe nos máis altos estándares da lingüística internacional; b) Transferir coñecemento ós organismos e entidades que se ocupan da lingua galega e a toda a sociedade; c) Impulsar o estudo, difusión e promoción da lingua galega a todos os niveis.

A primeira acción, e das máis memorables, foi a redacción dun pioneiro manual, con leccións progresivas, exercicios e vocabulario, en tres volumes (*Gallego 1*, 1971; *Gallego 2*, 1972; *Gallego 3*, 1974)², do que a comezos do 1978 se venderan uns 50.000 exemplares. Milleiros de galegos e galegas tiveron nese método o seu primeiro *vademécum*, ben en cursos voluntarios fóra do sistema escolar, realizados polo ILG ou por asociacións culturais, ben en cursos regrados, cando o galego era só unha materia extracurricular que se impartía nalgúns institutos³.

2.2. A revista *Verba* e a difusión do galego

En 1974 a USC publicou o volume 1 de *Verba. Anuario Gallego de Filología*⁴, dedicado á investigación das linguas románicas, pero con clara vocación de impulsar e difundir os estudos sobre o galego.

Na xeira en que a dirixiu Constantino García (ata o nº 17, 1990), con Antón Santamarina como secretario (ata o nº 13, 1986), as súas páxinas acolleron un bo quión de traballos sobre o galego, de autores do ILG ou alleos. O vol. 7, dedicado a Joseph Piel, contén temas de fonética e fonoloxía (entre outros,

² As notas da lectura dos textos iniciais do *Gallego 1* e as explicacións ortográficas e gramaticais estaban en castelán, mentres que en *Gallego 2* (1972) e *Gallego 3* (1974) só se usaba o galego, aínda que o título dos volumes estivese en castelán, igual que o nome da institución.

³ Cf. Fernández Rei (1991: 17–18, notas 3 e 5).

⁴ A partir do volume 5 (1978), na cuberta e na portada o subtítulo aparece galeguizado, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, e o mesmo a editora Universidade de Santiago de Compostela (antes Universidad).

textos sobre a gheada e a súa orixe), estudos léxicos (días da semana, folla do piñeiro, partes do hórreo e aves) e outras contribucións.

Dos 33 anexos desa etapa, 16 son do galego moderno. Nos de lexicografía salientan o 7 *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, de C. Ríos Panisse, e o 27 *Glosario de voces galegas de hoxe*, de C. García, con material de 45 monografías⁵. Nos anexos gramaticais, estúdanse as perífrases verbais (G. Rojo), o adverbio (A. Santamarina), as falas de Feás (X. L. Couceiro) e de Verín (M. Taboada), os sufixos nominais (I. González) ou o infinitivo conxugado (F. G. Gondar).

Traballos feitos fóra da USC son o anexo 9, o galego da comarca ferrolá (J. A. Porto Dapena); o 10, etnografía dos Ancares de León (J. R. Fernández González); e o 21, *gueada e gheada* (J. L. Pensado e C. Pensado Ruiz). Tamén se publicaron textos clásicos de difícil acceso, como *Elementos de gramática histórica gallega*, de V. García de Diego, e os estudos de dialectoloxía galega de Zamora Vicente.

Ramón Lorenzo, daquela vicedirector do Instituto, preparou o anexo 29, *Coloquio de Lexicografía*, actas do encontro celebrado no ILG (27–28 febreiro, 1 marzo 1986) con especialistas en lexicografía das linguas romances que deron a coñecer os seus proxectos e, á vez, coñeceron as investigacións dese centro de investigación.

Ademais, Lorenzo foi secretario e responsable do comité organizador do *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, celebrado na USC (4–8 setembro 1989), cuns mil participantes. Para contribuír ó seu estudo e difusión, o galego tivo sección propia no Congreso, a VI, na que se presentaron 31 relatorios. O presidente da sección, Gerold Hilty, impartiu a conferencia plenaria “La place du galicien parmi les langues romanes”⁶.

2.3. O Atlas Lingüístico Galego (ALGa)

Cando se proxectou o ALGa, o único material cartografado do galego eran os 75 mapas fonéticos do ALPI (Navarro 1962) de 51 puntos de Galicia e 8 do que Dámaso Alonso denominara “gallego exterior”. O equipo inicial do ALGa, o proxecto en funcionamento máis antigo do ILG, constituírono no 1974 Constantino García e Antón Santamarina como directores e Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González como investigadores.

A rede, de 167 puntos, comprende Galicia e as comarcas occidentais de Asturias, León e Zamora, onde o galego é lingua propia. O cuestionario continúa 2.711 preguntas (fonética 1–148, morfoloxía 149–387, sintaxe 388–526

⁵ Ampliado con textos recentes, o *Glosario* está accesible en <https://ilg.usc.gal/tesouro/gl/equipo.html>, no proxecto *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* coordinado por Rosario Álvarez.

⁶ Sobre o Comité Organizador e o Comité de Honra do Congreso, o programa científico e socio-cultural, o número de participantes e países de procedencia e outra información de interese *vid.* Lorenzo (1997).

e léxico 527–2711), cunha media de 4.000 formas recolleitas en cada enquisa⁷. O traballo de campo realizouse entre novembro do 1974 e outubro do 1976⁸.

O ALGa orientouse en dúas direccións. Por unha parte, na recolla e posterior descrición da riqueza da variación xeográfica do galego moderno; e por outra, na vinculación con empresas de xeografía lingüística de carácter máis xeral, o que explica que no cuestionario se incluíse o do *Atlas Linguarum Europae*, impulsado pola Comisión Lingüística da Unesco (1970–2007), e o do *Atlas Lingüístico de España e Portugal*, que proxectou Manuel Alvar. Esta conexión permitiría examinar a situación do galego entre os falares peninsulares e tamén no campo románico e europeo.

O volume I (dous tomos de morfoloxía verbal), coordinado por F. Fernández Rei, presentouse o 17 decembro do 1990 no Paraninfo da USC cunha conferencia en castelán de A. Zamora Vicente da que o xornal *El Ideal Gallego* anosou algúns parágrafos:

Hoxe é un día extraordinario para a Lingua Galega mais tamén o é para todas as Linguas Romances. Reunímonos aquí para celebrar un acto verdadeiramente magnífico: a historia, minuto a minuto, deste primeiro volume do *Atlas Lingüístico de Galicia*. Con el, a Lingua Galega pasa a cobadearse coas súas linguas irmás. [...]

Síntome portavoz dos grandes investigadores das linguas romances para expresa-la gratitude a este equipo de persoas que fixo posible esta obra cun labor paciente, tenaz e entusiasta.

A Lingua Galega era a cincenta das linguas románicas pero, en moi pouco tempo, colocouse ó lado delas. Agora, neste Atlas e noutros traballos que se fixeron baseados no mesmo material, pódese apreciar o xigantesco salto dado polo galego en canto ó seu coñecemento científico.

Sobre o ano 40 fixen eu as miñas pequenas e tímidas, e sempre provisionais búsquedas da fala galega. [...] Ninguén sabe que caras de dese[n]canto e amargura encontrei nos galegos entrevistados... Aquelas primeiras publicacións apareceron en México, Bos Aires, Lisboa...⁹

Entre 1990 e 2020 publicáronse sete volumes. Nestes momentos hai varios en preparación.

3. A codificación do galego na década de 1970¹⁰

3.1. As propostas da RAG e do ILG

A Real Academia Galega (RAG) aprobou o 15 de febreiro do 1970 o folleto *Ortografía galega*, cunha ampla introdución seguida de apartados para

⁷ Hai cuestións con máis dunha resposta; ademais, á morfoloxía verbal correspondíanlle só as cuestións 295 (*coller*) a 343 (*pagar*), pero as respostas verbais deron unha media de 1.500 respostas por localidade; e no léxico había só unha pregunta para meses do ano, ditos e refráns dos meses (destes recolléronse en total 883), clases de reloxo, partes do reloxo, carro de bois e as súas partes etc.

⁸ A derradeira enquisa, a de Lubián (Zamora), fíxose en maio do 1977.

⁹ *El Ideal Gallego* Cultural-90, 28.12.1990, p. V.

¹⁰ Unha detallada análise das propostas normativas dos anos 1970-1980 pode verse en Alonso Pintos (2006: 182–284). O autor trata en cada unha delas estes aspectos: a) ideal de lingua, b) xustificación, c) ortografía, d) grafotáctica, e) galego, portugués e castelán.

o abecedario, o acento ortográfico e as contraccións; e un cuarto, “A norma supletoria”, en que se indicaba que “nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá”. A RAG recollía os criterios de unificación ortográfica da editorial Galaxia.

O 4 de xullo do 1971 aprobou as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, cunha primeira parte, a *Ortografía* do 1970, e unha segunda, “Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega”, cunha introdución en que se consideraba que o bo galego era o escrito, o literario, mentres que a fala era xerarquicamente inferior (RAG, 1971: 23); e a seguir, figuraban quince breves apartados normativos con cuestións fonéticas e morfolóxicas. O principal responsable desas *Normas* foi Carballo Calero, que en 1970 publicara a 3ª ed. da súa *Gramática*¹¹.

Antes da aparición desas *Normas*, o ILG editara o citado manual *Gallego I*, onde se consideraba que o modelo de lingua culta debía partir da fala popular e da tradición literaria, pero depuradas. Para os redactores (Xosé Luís Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina, baixo a dirección de Constantino García), a lingua literaria que se ía fixar debía basearse na lingua de uso, pois distanciar innecesariamente unha da outra faría do galego literario un produto artificioso con dificultades engadidas e superfluas para a súa aprendizaxe (ILG, 1971: 5–7).

Os autores discrepaban nalgúns aspectos e, en parte, da filosofía da *Ortografía galega* (1970) da RAG. Segundo Santamarina (2011: 312), esas normas “non resolvían nin o 10% dos problemas ortográficos, nin tomaban en consideración a morfoloxía, nin a sintaxe nin o léxico”, polo que a disidencia do ILG, de habela, “hai que poñela na súa xusta medida porque na maioría dos puntos que había que codificar a Academia non se pronunciara”. *Gallego I*, redactado no Departamento de Filoloxía Románica, presentouse oficialmente o 14 de maio do 1971.

3.2. As Bases do 1977, alicerce da normativa vixente

A preocupación do ILG pola depuración e pola unificación do galego escrito, observable no manual de galego, levouno a coordinar uns seminarios (decembro 1976–xúño 1977), en que participaron “lingüistas, escritores, académicos e mestres”¹². O resultado foron as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do idioma galego* (1977), un paso importante no proceso de estandarización. O daquela presidente da RAG, Domingo García Sabell, no limiar sinalaba que na redacción se “tiveron presentes as normas que, hai anos e con carácter experimental, publicaron a Real Academia Galega e mailo Instituto da Lingua Galega, así como a tendencia lusista que nos últimos tempos defen-

¹¹ Sobre a xénese da gramática de Carballo e o modelo de lingua *vid.* Fernández Rei (2020: 12–16).

¹² Sobre as persoas participantes e o método de traballo nos seminarios *vid.* Rivas (1977).

deron algúns escritores e lingüistas” (USC, 1977: 5). En palabras de Carballo Calero (1978: 105), as *Bases* eran, “en conxunto, un documento conciliador, no que o isolacionismo se bate en retirada, o que nos semella moi positivo”.

Os tres investigadores de campo do ALGa redactaron centos de borradores de mapas para mostrar a situación do galego oral á hora de tratar puntos dos seminarios das *Bases*, alicerce da normativa ILG-RAG (1982), revisada e ampliada no 1995, e con posterior revisión no 2003¹³.

A seguir vou tratar fenómenos morfolóxicos relevantes onde confrontarei as propostas da 3ª ed. da *Gramática* de Carballo do 1970 (en adiante, Carballo) e do manual *Gallego I* (en adiante, ILG) coas correspondentes das *Bases*. Referireime á normativa ILG-RAG (1982) cando esta difira das *Bases*.

3.2.1. Morfoloxía nominal¹⁴

O paradigma *-án* masc. / *-á* fem. (*irmán* / *irmá*, *verán* / *mazá*) é creación literaria coa terminación masculina do galego occidental (fem. tamén *-án*) e a feminina do centro-oriental, onde se distingue, como en portugués, masc. *irmao* de fem. *irmá*. Era a solución da RAG (1971: 29), de Carballo e do ILG, e foi a proposta das *Bases*.

O plural de nomes e adxectivos en *-n* (*can*) ten tres variantes: a occidental *cans*, a central *cas* e a oriental *cais*. No ALGa apreciábase que a extensión xeográfica do plural tipo *cas* é meirande cá de *cans*, mais non tanto no relativo ó número de falantes. A solución *cans* da RAG (1971: 25) baseábase na “tradición literaria mái abundante, representada por Rosalía, Pondal, Castelao, Amado Carballo, Manuel Antonio”, autores clásicos da Galicia occidental, como o é Cabanillas, que tamén emprega esa variante. Era a proposta de Carballo e do ILG, e foi a das *Bases*.

O plural *animais*, propio de falas orientais e daquela con certo uso literario, era a proposta da RAG (1971: 27–28) e foino da 4ª ed. da *Gramática* (1974) de Carballo, pero non era a proposta da de 1970 nin das anteriores edicións¹⁵. O ILG (1971: 27) preferiu a solución popular *animales*, *candiles*, coas excepcións *cadril* – *cadris*, *real* – *reás*, *adral* – *adrais* e algunha outra. Nas *Bases* propúxose *animais* e *animales*, coa indicación de que “debe dárselle preferencia á primeira por representa-la nosa tradición” (USC 1977: 31)¹⁶.

¹³ De decembro do 2003 é a 18ª edición revisada, resultado dunha comisión constituída por varios membros da RAG e un representante do ILG e dos tres departamentos de Filoloxía Galega das universidades galegas. Nalgúns puntos volveuse a propostas das *Bases*, coma o tratamento da terminación *-aría* / *-ería*, priorizando *-aría*; as formas *ditado*, *estrutura*, sen c; e os pares *Galicia* / *Galiza*, *oír* / *ouvir* e *ata* / *até*.

¹⁴ Para as variantes e a distribución xeográfica *vid.* Fernández Rei (1990b: 59–67).

¹⁵ Na 3ª ed. da *Gramática*, ás formas de singular *baúl*, *cadril*, *feal*, *mantel* e *perifol* correspóndelles os plurais *baús*, *cadís*, *feáls*, *mantés* e *perifós* (Carballo 1970: 107). É a mesma exemplificación da 1ª ed. (1966: 91) e da 2ª ed. (1968: 103), tamén publicadas en Galaxia.

¹⁶ No debate das *Bases* sobre o plural das formas rematadas en *-l* considerouse que, tendo en conta o ALGa, existían dous morfemas posibles: *-s* (*animás*) e *-is* (*animais*), que pode alternar

3.2.2. Morfoloxía pronominal¹⁷

As formas neutras do demostrativo *isto, iso, aquilo* eran propias do nordeste da Coruña e do centro e sur de Pontevedra. A maioritaria *esto, eso, aquilo* era a proposta de Carballo e do ILG, que nas *Bases* se subordinou a favor de *isto*, “por ser diferencial do castelán e achega-lo galego ó portugués” (USC 1977: 34, nota 11).

A escolla entre o pronome suxeito occidental (e en parte central) *ti* e o centro-oriental *tu* a favor da primeira, xa estaba feita no galego literario; por iso en Carballo, ILG e *Bases* se propuxo *ti*.

O pronome suxeito *nós* e *vós* de Carballo e do ILG, nas *Bases* era *nosoutros, nós* e *vosoutros, vós*. As primeiras eran formas do norte de Lugo e da Coruña e do galego de Asturias, que noutros puntos concorrián con *nós* e *vós*, aínda que *nosoutros* e *vosoutros* eran propias de xente maior, ás veces usadas como plurais exclusivos (mapa 1).

En ILG-RAG (1982: 58) propúxose *nós* (*nosoutros*) e *vós* (*vosoutros*). *Nós* e *vós* son formas non marcadas, válidas en todos os contextos e que non establecen delimitación verbo dos demais, mentres que *nosoutros* e *vosoutros* delimitan un grupo, deixando fóra os que non pertencen a el (“*eu* e máis estes outros”, “*ti* e máis eses outros”). Esa diferenza tradicional en zonas do galego eliminouse a favor de *nós* e *vós* ou de *nosoutros* e *vosoutros*. *Nós* e *vós* son maioritarias demográfica e xeograficamente, polo que deben preferirse de renunciar á devandita distinción.

3.2.3. Morfemas verbais¹⁸

Agás no imperativo e no pretérito, no ALGa o morfema número-persoa da P5 é *-des* (*cantades*) na maioría das falas galegas, aínda que cos concorrentes *-s* (*cantás*) en falas do occidente coruñés, *-is* (*cantais*) no galego oriental e *-ndes* (*cantandes*) en falas meridionais. A proposta de Carballo, do ILG e das *Bases* foi a maioritaria e arcaica *-des* fronte á innovadora *-is* do portugués e do castelán.

Na P5 do pretérito Carballo e ILG usaban a solución hipercharacterizada *-chedes* (*cantáchedes, colléchedes*), con algunha tradición literaria, pero mi-

con *-es* (*animaes*). O único morfema produtivo actualmente era *-is*, pois *-s* só se rexistraba en moi poucas palabras terminadas en *-al* e *-is*. Na escolla *animais*, e non *animás*, atendeuse a estes criterios:

a) As dúas son formas galegas, pero a *animais* é máis produtiva; rexistráronse no galego oral voces como *españóis, caracois* ou *artificiais*, mais non *españós, caracós* e *artificiás*.

b) A forma arcaizante oriental *animais* non invalida unha forma *animás* máis evolucionada, pero si ó contrario.


c) No galego escrito dos últimos tempos (literatura, panfletos, notas de prensa, cartas nos xornais...) acéptase como plenamente recuperada a solución tradicional *animais*.

d) Este plural é o das outras ramas da familia galego-portuguesa-brasileira (USC 1977: 30, nota 5).

¹⁷ Para as variantes e a distribución xeográfica *vid.* Fernández Rei (1990b: 69–72, 75).

¹⁸ Para as variantes dos morfemas e a distribución xeográfica *vid.* Fernández Rei (1990b: 82–85, 90).

ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO



Mapa 1 Vós (suxeito). Fonte: Álvarez Blanco (1995: pp. 172–173).

noritaria no galego oral, como se ve no mapa 2. Nas *Bases* propúxose *-stes* (*andastes*, *collestes*) por ser maioritaria no galego oral. Este morfema é unha amalgama que expresa modo e tempo e, á vez, número e persoa.

A vogal temática *i* da P2 dos pretéritos fracos en *-er* de *colliches* de Carballo e ILG e de *colliche(s)* das *Bases* era basicamente centro-oriental. No galego occidental rexistrouse *colleche(s)* ou *colleste(s)*, coa vogal analóxica *e*, como en port. *colheste*. Escolleuse *colliche(s)* por ter vogal temática etimolóxica e porque no ALGa presentaba maior extensión ca *colleche(s)* (USC, 1977: 37, nota 5).

Na P4 e P5 do copretérito, antepretérito, pospretérito e no pretérito de subxuntivo Carballo propoñía acentuación proparoxítona (*cantábamos*, *-áramos*, *-aríamos*, *-ásemos*), e o mesmo o ILG en *cantáramos*, *-aríamos*, *-ásemos*, pero non en *cantabamos*. A proposta das *Bases* foi a acentuación paroxítona etimolóxica (*andabamos*, *-aramos*, *-aríamos*, *-asemos*)¹⁹ das falas centro-meridionais (mapa 3), que se mantivo en ILG-RAG (1982). Na reforma do 2003

¹⁹ Nos mapas do ALGa víase que as formas paroxítonas con acentuación etimolóxica *andabamos*, *andaramos* e *andariamos* tiñan unha extensión un pouco meirande cás correspondentes proparoxítonas, o que non ocorría no caso de *andasemos*, pois a forma proparoxítona tiña moita maior representación. Cómpre ter en conta o pouco emprego da forma en *-se*, que en moitas falas con frecuencia é substituída pola forma en *-ra*; porén, “por se-la etimolóxica, estar viva aínda en galego e por mante-la unidade coas outras tres, aconséllase como normativa a forma grave, característica diferenciadora do galego fronte ás linguas veciñas” (USC 1977: 36–37, nota 2).

ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

mapa 57
Collestes

- [ko'ʎešteš] ○
- [ko'ʎešteðeš] ●
- [ko'ʎeštejs] ◐
- [ko'ʎeštejðes] ◑
- [ko'ʎeʃeš] ⊗
- [ko'ʎeʃeðeš] ⊕
- [ko'ʎešteš] □
- [ko'ʎeštejs] ◐
- [ko'ʎišteš] △
- [ko'ʎišteðeš] ▲
- [ko'ʎištejs] ▲
- [ko'ʎiʃeðeš] ⊕

Mapa 2 *Collestes*. Fonte: Fernández Rei (1990a: t. 1, pp. 136–137).

cambiouse a acentuación do pretérito de subxuntivo: *andabamos* pero *andásemos*, como en italiano *cantavamo* fronte a *cantassimo*.

3.2.4. Verbos irregulares²⁰

Nos verbos irregulares un criterio das escollos das *Bases* foi harmonizar co portugués moderno. É o caso de formas pouco rexistradas no ALGa, que se documentan na fase medieval, como *ía* de ‘ir’ ou *sexa* de ‘ser’; e o de formas relativamente minoritarias, como os radicais do tema de pretérito *and-* de ‘andar’, *coub-* de ‘caber’ e *soub-* de ‘saber’²¹.


Nas *Bases* (USC 1977: 44) propúxose o par *oír* (*oio, oes, oe, oímos.. oía... oia...*) e *ouvir* (*ouzo, ouves, ouve, ouvimos... ouvía... ouza...*); estas segundas harmonizaban co portugués²². En ILG-RAG (1982) propúxose *oír* e na reforma do 2003 volveuse á solución das *Bases*.

²⁰ Para as variantes dos radicais e a distribución xeográfica *vid.* Fernández Rei (1990b: 92–103).

²¹ Carballo *ía, sexa, andiv-, coup- e soup-*; ILG *iba, sexa, andiv-,oub- e soub-*.

²² Carballo *ouvir* (*oio, ois, oi, ouvimos,... oia...*); ILG *oír* (*oio, oes, oe, oímos... oia*). No ALGa, nas falas en que se rexistrou o infinitivo *oír* e *ouir*, o radical da P1 do presente de indicativo e do paradigma de presente de subxuntivo é *ous-* ou *ouz-* no occidente da Coruña e nalgunha falas de Pontevedra (*ouso, ousa*) fronte a *oi-* maioritario (*oio, oia...*); nas falas en que o infinitivo é *ouvir*,

ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

mapa 4
Contabamos

Mapa 3 *Cantabamos*. Fonte: Fernández Rei (1990a: t. 1, pp. 52–53).

Outras veces, de dúas formas con rexistros abondos, escolleuse a conservadora. A forma centro-oriental *fuche(s)* (P2 pret. de ‘ir’ e ‘ser’), con vogal radical etimolóxica, preferiuse ás occidentais innovadoras *foche(s)* e *foste(s)*; e *vin* (P1 pret. de ‘vir’), a *viñen*, con radical analóxico, espallada por todo o dominio galego²³.

Na P5 do presente de indicativo de ‘ter’ e ‘vir’ propuxéronse os pares *tedes / tendes* e *vides / vindes* por rexistrarse un reparto semellante das dúas formas²⁴.

En Carballo e ILG propoñíase o infinitivo *decir*. A proposta das *Bases* foi o par *decir*, moi documentada no ALGa, e o arcaísmo *dicer*: *digo, dis, di, decimos / dicemos, decides / dices, din; decía... decindo / dicendo*. En ILG-RAG (1982: 97) preferiuse a forma *decir*:

Entre unha forma morta ou préstamo do portugués (*dicer*), un posible préstamo do castelán (*decir*), unha forma galega viva pero de escasa representación na fala (*decer*) e unha forma viva amplamente representada na fala e libre de toda sospeita de préstamo (*decir*), normativamente debe optarse por esta última.

o radical da P1 do presente de indicativo e do paradigma de presente de subxuntivo é tamén *ouv-* (*ouvo, ouva...*), e non *ous-* nin *ouz-* (Fernández Rei, 1990b: 97).

²³ Carballo *foches* e *viñen*; ILG *foches* e *vin*.

²⁴ Carballo e ILG *tedes* e *vides*.

No ALGa a forma *decer* rexistrouse no suroeste de Ourense e en falas occidentais da Coruña, e segue viva hoxe nesas áreas. Aínda que minoritaria, debería ser a estándar porque é inequivocamente galega, como o é, p. ex., o sufixo *-aría* verbo de *-ería*, mentres que *dicir* pode ser harmonización vocálica do posible castelanismo *decir*.

3.2.5. Días da semana²⁵

Como se ve no cadro 1, de *luns* a *venres* o ILG propoñía formas pagás, mentres que nas *Bases* a esas formas se engadiron os nomes cristiáns con *feira* por seren formas tradicionais rexistradas no ALGa, especialmente para “mércores” e “xoves”.

Cadro 1


<i>Gallego 1</i> (ILG 1971: 196)	<i>Bases</i> (USC 1977: 54)
<i>luns</i>	<i>luns, segunda feira</i>
<i>martes</i>	<i>martes, terza feira</i>
<i>mércores</i>	<i>mércores, cuarta feira</i>
<i>xoves</i>	<i>xoves, quinta feira</i>
<i>venres</i>	<i>venres, sexta feira</i>
<i>sábado</i>	<i>Sábado</i>
<i>domingo</i>	<i>domingo</i>

Entre as variantes máis frecuentes das formas que aparecen en primeiro lugar na listaxe das *Bases*, están os castelanismos correspondentes, no caso de miércoles, jueves e viernes. As formas propostas corresponden á tradición do galego, tiñan xustificación etimolóxica e no ALGa víase que estaban vivas: *mércores* rexistrouse no leste de Lugo e no Bierzo e *mércoles* en puntos de Lugo, Asturias e oeste da Coruña (mapa 4); *xoves* anotouse, sobre todo, no norte e nordeste de Lugo; e *venres* no galego de Asturias, do Bierzo e do leste de Lugo, neste caso tamén *vernes*.

As formas con *feira* harmonizaban co portugués. Tiñan certa extensión, e sempre en xente maior, *cuarta* (ou *corta*) *feira* (mapa 4) e *quinta feira* e, en menor medida, *sesta feira*, mentres que *segunda* e *terceira* feiras apenas se rexistraron. As formas tradicionais con *feira* foron sendo substituídas polas correspondentes castelás.

²⁵ Sobre os nomes dos días da semana, meses e estacións do ano e as variantes do ALGa *vid.* Fernández Rei (2008: 48–52).

ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

Mapa 4 *Mércores*. Fonte: Fernández Rei (2003: pp. 386–387).

3.2.6. Meses do ano

No ALGa as formas comúns dos primeiros meses eran *xaneiro*, *febreiro*, *marzo*, *abril* e *maio*. Nos outros meses anotáronse dúas ou máis denominacións, á parte da forma castelá (*junio*, *julio*, *setiembre...*)²⁶.

Cadro 2

<i>Gallego 1</i> (ILG 1971: 196)	<i>Bases</i> (USC 1977: 55)
<i>xaneiro</i>	<i>xaneiro</i>
<i>febreiro</i>	<i>febreiro</i>
<i>marzo</i>	<i>marzo</i>
<i>abril</i>	<i>abril</i>
<i>maio</i>	<i>maio</i>
<i>xuño, san Xoán</i>	<i>xuño, san Xoán</i>
<i>xullo, Santiago</i>	<i>xullo, Santiago</i>

²⁶ En Aira González / Martínez Baleirón (2002) poden verse os mapas dos meses de xuño a decembro do ALGa, con comentarios sobre a extensión e a motivación das formas rexistradas.


<i>agosto, santa Mariña [sic]</i>	<i>agosto</i>
<i>setembre</i>	<i>setembro</i>
<i>outubre</i>	<i>outubro, outono</i>
<i>novembre, Santos, San Martiño</i>	<i>novembro, Santos</i>
<i>decembre, Nadal</i>	<i>decembro, Nadal</i>

No sexto mes o xeral era *san Xoán*, coas minoritarias *xuio* no leste de Lugo e Asturias e *xuño* en Lobios, na raia con Portugal. No sétimo mes anotouse *Santiago, santa Mariña, sega e seitura*, e tamén *xuilín* (e *xulín*) no leste de Lugo e no galego de Asturias e *xullo* en Lobios, na raia con Portugal.

A forma común do noveno mes era *setiembre*, con ocorrencias de *setembro* e *setembre*, mentres que a forma xeral do décimo mes era *outono*, coas variantes *octubre* e *outubre* (mapa 5).

ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO

mapa 134
Outubro



Mapa 5 *Outubro*. Fonte: Fernández Rei (2003: pp. 376–377).

O undécimo mes tiña como formas comúns *Santos* e *san Martiño*, case excluíntes; e en concorrencia con estas, *noviembre* e as minoritarias *novembre* e *novembro*. As formas populares do último mes eran *Nadal, Natal* e *Navidá*, xunto con *diciembre* e ocorrencias de *decembre* e unha de *decembro* no norte de Ourense.

Para harmonizar co portugués, nas *Bases* propuxéronse as formas *xuño*, *xullo*, *setembro*, *outubro*, *novembro* e *decembro*, que no ALGa tiñan moi escasas ocorrencias, ningunha no caso de *outubro*. Agás para *setembro*, para eses meses suxeríronse as formas populares *san Xoán*, *Santiago*, *outono*, *Santos* e *Nadal* (cadro 2). O ILG propoñía voces en *-e* (*setembre*, *outubre*, *novembre* e *decembre*), máis documentadas no ALGa cás formas en *-o*.

4. Cabo

Durante anos as liñas preferentes de investigación do ILG foron a dialectoloxía e a lexicografía, con estudos sobre todo o dominio lingüístico; así, en menos de vinte anos da creación do Instituto, foise co vento a queixa do 1962 de Dámaso Alonso, “esta lingua [a galega], en su estado moderno es casi una incógnita. [...] Falta casi completamente una recogida sistemática de materiales”.

Tamén se investigou o galego moderno fóra do ILG, pero o papel deste Instituto resultou vital; p. ex., na codificación morfolóxica e léxica en que se empregou o material inédito do ALGa e as bases léxicas medievais e modernas. E non foi menor o seu papel na difusión e internacionalización do galego entre os romanistas; por iso tampouco foi casual que a *Société de Linguistique Romane* lle encargase ó ILG a organización do XIX CILFR do 1989, como non o foi que os responsables do *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, a “biblia” da romanística, a finais da década de 1980, lle solicitasen a persoas investigadores do Instituto as entradas do galego do vol. VI,2 *Galegisch, Portugiesisch* (1994). As sete entradas dos membros do ILG publicáronse en galego²⁷, que foi a única lingua románica minorizada usada na redacción de textos no *LRL*.

Referencias bibliográficas

- Aira González, Raquel y Mónica Martínez Baleirón (2002): “As denominacións dos meses do ano: perspectiva lexicográfica”, en Rosario Álvarez, Francisco Dubert García, Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e Léxico*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, pp. 359–382.
- Alonso, Dámaso (1972): *Obras completas I. Estudios lingüísticos peninsulares*, Madrid, Gredos.
- Alonso Pintos, Serafín (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950–1980)*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Biblioteca Filolóxica Galega ILG.
- Álvarez Blanco, Rosario (coord.), Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego II: Morfoloxía non verbal*, A Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA”.
- Carballo Calero, Ricardo (1970³): *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia.
- Carvalho Calero, Ricardo (1978): “Novas bases para unha normalización lingüística”, *Grial*, 59, pp. 103–111.

²⁷ O texto de Dieter Kremer sobre onomástica está en alemán.

- Fernández Rei, Francisco (coord.), Instituto da Lingua Galega (1990a): *Atlas Lingüístico Galego I: Morfoloxía verbal*, La Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA”.
- Fernández Rei, Francisco (1990b): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (1991): “O Instituto da Lingua Galega (1971–1990). Contribución á investigación e á normalización do galego”, en Mercedes Brea y Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, I Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega, Servicio de Publicacións da Universidade, pp. 15–46.
- Fernández Rei, Francisco (coord.), Instituto da Lingua Galega (2003): *Atlas Lingüístico Galego IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Fernández Rei, Francisco (2008): “O ALGa e o Arquivo do Galego Oral: a imaxe do galego”, en Elisa Fernández Rei y Xosé Luis Regueira (eds.), *Perspectivas sobre a oralidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, pp. 35–74.
- Fernández Rei, Francisco (2020): “O papel de Ricardo Carvalho Calero no proceso de codificación da lingua galega”, *A Trabe de Ouro*, 115, pp. 11–39.
- Instituto de la Lengua Gallega (1971): *Gallego I*, Santiago de Compostela, Universidad.
- Instituto da Lingua Galega, Real Academia Galega (1982 [2012]): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela, A Coruña; Galaxia.
- Lorenzo, Ramón (1997): “Introducción”, en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela, 1989*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, I, pp. 13–20.
- Navarro Tomás, Tomás (dir.) (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica I: Fonética*, Madrid, CSIC.
- Real Academia Galega (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Cruña, Real Academia Galega.
- Rivas, Manuel (1977): “Poñerlle pés á lingua escrita”, *Teima. Revista galega de información xeral*, 22 (12–19 maio do 77), pp. 41–43.
- Santamarina, Antón (2011): “O Instituto da Lingua Galega hai 40 anos”, *A Trabe de Ouro*, 86, pp. 305–316.
- Universidade de Santiago de Compostela (1977), *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, Madrid, Anaya.
- Zamora Vicente, Alonso (1986): *Estudios de dialectología hispánica*, Anexo 25 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Santiago de Compostela, Universidade.

Research at the ILG (1971–1990) and the importance of the ALGa in the standardization of the Galician language

Keywords: Modern Galician — ILG — RAG — ALGa — standardization

Abstract

At the beginning of the 1960s Dámaso Alonso and A. Zamora Vicente complained about modern Galician studies falling behind the times. In this article I will refer, first of all, to achieving the recovery of lost ground over the next two decades through research, mostly in oral Galician, and spreading that work amongst Romance-languages specialists, in which the Galician Language Institute (ILG) of the University of Santiago de Compostela played a fundamental role during the time of its originator and first director Constantino García (1971–1990). After some notes on the emerging *questione della lingua galega* with the publication of the Galician norms by the Royal Galician Academy (RAG) and the manual *Gallego I* by the ILG at the beginning of the 1970s, I will focus on the attempt to resolve this issue with the conciliatory *Bases prá unificación das normas*

lingüísticas do galego (1977), for which the unpublished material of the *Atlas Lingüístico Galego* was taken into account in both morphological and some of the lexical proposals, which were the foundation of the current Galician standards drawn up by the ILG and the RAG in 1982.

Fecha de recepción: 12 de junio de 2023

Fecha de aceptación: 20 de noviembre de 2023